

PRÁCTICA TEXTURA DOS SEDIMENTOS CAL É CAL?

SEDIMENTO COSTEIRO: PRAIA

Son partículas que chegaron ás praias despois de ter sido transportadas ata a costa por ríos. Sufriron tamén a acción das correntes mariñas e mareas.

Tamaños: areas e gravas; mestura de tamaños (heterométrico); depende da enerxía do mar.

Forma: variada, pero polo xeral grans redondeados.

Composición: minerais resistentes (cuarzo) e bioclastos.

SEDIMENTO METEORIZACIÓN GRANITO

Son partículas que non sufriron aínda transporte e polo tanto non están traballadas.

Tamaños: gravas a finos, non hai selección de tamaño. **Formas:** variadas (dependen da forma dos cristais no granito), baixo grao de redondez.

Composición: a do granito (cuarzo, feldespatos e micas).

SEDIMENTO EÓLICO: DUNA

Son partículas que sufriron o transporte polo vento. O vento é moi selectivo, ten a forza xusta para movilizar un único tamaño de gran. Os grans golpéanse entre si polo que están moi pulidos.

Tamaños: homométrico (un único tamaño).

Forma: de tendencia esférica e moi arredondados.

Composición: minerais resistentes, entre eles cuarzo. Se son dunas costeiras poden incluír bioclastos (fragmentos de cunchas).

SEDIMENTO SECTOR VOLCÁNICO

Son partículas que proceden da meteorización de rochas volcánicas, sendo posteriormente transportados os fragmentos.

Tamaños: areas finas neste caso.

Selección: polo xeral, boa.

Formas: variada, pero polo xeral grans redondeados.

Composición: minerais resistentes (ferromagnesianos escuros, moitos deles magnéticos; tamén olivina, de cor verde, non magnética).

Medio de sedimentación: hai un compoñente extra que nos dá información sobre o medio de sedimentación.